

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN, FORMACIÓN E POSTA EN MARCHA DA SALA DE TIRO DO EDIFICIO DOTACIONAL DESTINADO Á POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL. EXPDTE REF: 31-2016.**

Sendo as 13:30 horas do día 10 de febreiro de 2017, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral; don Manuel Méndez Novo, Xefe da Policía Local do Concello de Lugo, dona Carmen Flores Pardo actuando como Vicesecretaria do Concello e dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento, actuando como Secretaria da mesa.

Abre a sesión o Sr. Presidente procedéndose á apertura do sobre A resultando que toda a documentación administrativa presentada é correcta.

Unha vez aberta a documentación administrativa, procédese á apertura do sobre B (Oferta económica e incremento do prazo de garantía) co seguinte resultado:

**1.- TRADESEGUR, S.A.**, oferta un prezo de 27.000 euros, máis un 21% de IVE (5.670,00 euros), do que resulta un importe total de **32.670,00 euros, IVE incluído**.

Así mesmo oferta **un prazo total de garantía de 60 meses (5 anos)**, durante o cal comprométome a realizar os traballos de mantemento indicados no prego técnico.

Por todo o exposto, a mesa de contratación propón como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa **TRADESEGUR, S.A.**

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13,45 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez